



Traballando coa información

Infantil - Primaria.

Juana Vázquez



Algúns posibles obxectivos

Respecto dos espazos de coñecemento

- Aprender a movernos na biblioteca escolar e paulatinamente, noutras máis grandes e complexas.
- Utilizalas con frecuencia desde os primeiros anos, asumindo o seu uso como actividade cotiá en calquera aprendizaxe.
- Acudir habitualmente a eventos e lugares que propicien o coñecemento fóra da escola.
- Valorar a rúa, a natureza, o mundo, como un deses espazos; aprender a observalos.

Algúns posibles obxectivos

Respecto das fontes de información

- Aprender a recoñecelas, diferenciándoas da ficción e entre si.
- Manexar documentos en distintos soportes e formatos:
libros de distinto tipo, material multimedia, a rede...
Evitar o abuso ou exclusión de calquera deles.
- Aprender a elixir a fonte máis axeitada para cada necesidade.
- Apreciar o valor informativo das ilustracións, gráficos, etc.
- Identificar ás persoas e o mundo que nos rodea como unha fonte de información a ter moi en conta.
- Asumir a necesidade de facernos críticos coa información, de contrastala e esixirlle rigor.

O proceso de búsqueda de información:

- Concretar o motivo da búsqueda; asegurarnos de que está ben claro.
- Partir de coñecementos previos.
- Escoller entre as fontes informativas de que dispoñemos, as axeitadas á demanda.
- Non desprezicar documentos por excesivos ou por moi sinxelos; poden conter detalles que nos resulten valiosos no traballo.
- Evitar os excesos. Deter o proceso de búsqueda se a información é suficiente.
- Con cada un dos documentos elixidos para traballar:
 1. *Comprobar que comprendemos a información.*
 2. *Ter moi en conta o valor informativo das imaxes, gráficos, etc.*
 3. *Contrastar a información que nos aporta. Esixirlle rigor.*

A elaboración de documentos expositivos

- Diferenciar linguaxe literaria e expositiva, debuxo creativo e informativo. Utilizar o rexistro propio para a situación.
- Coñecer varias posibilidades de dar forma ao traballo documental, mediante resolución gráfica ou textual. Aprender a darlles valor a todas elas.
- Ordear e dar forma á información cun guión previo (verbal ou escrito): que sabemos agora e como imos contalo.
- Aprender a ir do xeral ao particular; da definición á descrición detallada e á anécdota.
- Comprobar sempre o rigor e claridade do relizado; acudir á fonte inicial para contrastar vocabulario e datos.

Tipos de documentos a manexar na etapa.

Destrezas básicas a desenvolver.

- ***Diccionarios*** :
 1. Eficacia no control da orde alfabética.
 2. Uso das palabras—guía.
 3. Diferenciación das distintas acepcións. Elección da axeitada á demanda.
 4. Manexo habitual dos mesmos como primeiro paso na búsqueda.
- ***Enciclopedias*** (soporte papel e multimedia).
 1. Desenvolvemento da lectura rápida: diferenciación de apartados.
 2. Eliminación da información innecesaria.
 3. Técnicas para o coñecemento: subliñado, guión, resumo.
- ***Monográficos*** (soporte papel e multimedia).
 1. Manexo e emprego dos índices.
 2. Achegamento a glosarios e bibliografías.
 3. Lectura de imaxes, gráficos etc. Identificación deles como fonte inform.
- ***Internet***.
 1. Automatización do proceso de búsqueda: Explorer, buscador, demanda...
 2. Selección da entrada máis axeitada á nosa necesidade.
 3. Captura de textos e imaxes.